


Servizo Municipal de Prevención de
Drogodependencias e outras
Adiccións Comportamentais

Centro de Convivencia Municipal
Uxío Novoneyra

Rúa Quiroga Ballesteros, 1, 3º andar
Tel. 982 297498 - 982 297837
email: prevenciondrogas@lugo.gal

+XTI Concello de Lugo



<https://lugomasxti.org>



SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS COMPORTAMENTAIS



OBRADOIROS

2021 - 2022



*Unha sociedade máis informada e mellor
formada sobre as adiccións será máis capaz de
convivir nun mundo no que estas existen,
reducindo o risco de establecer con elas
relacións conflitivas*



Concello de Lugo
ALCALDÍA
Xuventude e Deportes

OBRADOIROS PARA A MOCIDADE

Primaria

PPCDE: SAÚDE NA ESCOLA

Dirixido ao alumnado de primaria de 5º e 6º curso.

Obxectivo: influír nas crenzas e actitudes do alumnado sobre as drogas, así como no consumo actual e na intención de consumo futuro do estudantado. Promoción da saúde e hábitos de vida saudables.

Número de sesións: 3

PREVENCIÓN DO ABUSO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS - DESCONECTA (móbil, xogo e redes sociais)

Obradoiro para alumnado de 5º e 6º de primaria.

Número de sesións: 3

Secundaria

PROGRAMA DE PREVENCIÓN ÓRDAGO (1º e 2º da ESO)

Taller composto dunha guía para o alumnado para traballar durante tres sesións ao longo do curso, tratando contidos como a presión de grupo, a toma de decisións, o consumo e a publicidade, crenzas, actitudes ou autoestima.

Obxectivo xeral: dotar de información, recursos e habilidades ao alumnado para que dispoña dos valores, e habilidades necesarias, para decidir de maneira razoada e autónoma en situacións de oferta de drogas.

Número de sesións: 3

OBRADOIRO MONOGRÁFICO PARA 3º DA ESO SOBRE O CÁNNABIS : A VERDADE DESTA DROGA

Obradoiro composto de tres sesións para coñecer realmente o que oculta esta substancia, os seus mitos, os intereses no seu consumo e os perigos reais dela.

Número de sesións: 3

OBRADOIRO DOBRE CHECK PARA 4º DA ESO

Tres sesións por grupo onde se traballarán cuestións como as referidas ás adiccións no século XXI, e a responsabilidade persoal, a comunicación efectiva e as habilidades sociais e emocionais para a resolución de conflitos, e tamén, as ferramentas de prevención de adiccións.

Número de sesións: 3



FPB

OBRADOIRO PENSA EN TI DECIDE POR TI PARA FP BÁSICA

Obradoiro composto de actividades de elaboración propia que pretende traballar de xeito eficaz na intervención e abordaxe integral dos problemas relacionados co uso das drogas e outras adiccións, a través de intervencións dinámicas.

Número de sesións: 3

TALLERES DE PREVENCIÓN DE ADICCIÓNS PARA AS FAMILIAS

Dirixidos a pais e nais de alumnado de todas as idades.

Obxectivos: informar e sensibilizar ás familias sobre o papel educador de cara á prevención das adiccións.

CHARLAS PARA NAIS E PAIS

- Prevención de adiccións a **substancias psicoactivas**
- Prevención de adiccións **tecnolóxicas**.

Solicitudes e información:

Lidia Platas Ferreiro
Teléfono: 982 297 837
lidia.platas@lugo.gal

SERVIZO GRATUÍTO E CONFIDENCIAL NO CORREO

prevencionfamilias@lugo.gal

Solicitude de obradoiros escolares:

(nome do centro, grupos, días, horas e nº de participantes)

para máis información

Francisco Fernández Eiros
Teléfono: 982 297 498
francisco.eiros@lugo.gal

